Entidades Locales, esta alcaldía, por razones de ausencia de la concejala Sonia Ogando Vázquez, resuelve:

1. Delegar temporalmente las funciones del Área de Urbanismo, Vivienda y Patrimonio, que están atribuidas a la concejala Sonia Ogando Vázquez, en virtud del Decreto núm. 2021005267 de 02/07/2021 y del acuerdo de la Junta de Gobierno Local de 08/07/2021, en la concejala Ana M.ª Fernández Morenza, para los días 2, 4, 5, 6, 9, 10, 11, 12, 13 y 16 de agosto de 2021.

2. En las resoluciones que se adopten en el ejercicio de las delegaciones conferidas por esta alcaldía, se hará constar expresamente esta circunstancia y la fecha de esta resolución.

3. Notificarle personalmente la presente resolución a la designada. La delegación, para ser eficaz, requerirá su aceptación por parte de la delegada. Se entenderá aceptada tácitamente si en el término de tres días hábiles, que se contarán desde la notificación del acuerdo a la concejala destinataria de la delegación, no hace manifestación expresa delante del órgano delegante de que no acepta la delegación.

4. Se informará al Pleno y a la Junta de Gobierno Local en la primera sesión que se realice y se publicará en el Boletín Oficial de la Provincia y en el tablón de anuncios de la sede electrónica del Ayuntamiento de Ourense y de la casa consistorial, sin perjuicio de su efectividad desde el mismo día de su firma.

Lo manda y firma el alcalde, en el lugar y en la fecha antes indicados, de lo que yo, como oficiala mayor, doy fe.

El alcalde. La oficiala mayor.

Fdo.: Gonzalo Pérez Jácome. Silvia Alonso Fernández."

Ourense, en la fecha de la firma electrónica. El alcalde.

Fdo.: Gonzalo Pérez Jácome.

R. 2.240

San Amaro

Acordo do Pleno do Concello do día 13.07.2021 polo que se aproba o expediente de modificación de créditos nº 9/2021 do orzamento en vigor, na modalidade de transferencia de crédito entre aplicacións de distintas áreas de gasto, que non afectan a altas e baixas de crédito de persoal.

Unha vez aprobado definitivamente o expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de gastos de distinta área de gasto que non afectan a baixas e altas de créditos de persoal, publícase para os efectos do artigo 169.1, por remisión do 179.4, do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo:

Altas en aplicacións de gastos

Programa; Económica; Descrición; Importe de euros

153; 210; Vías públicas. Infraestruturas y bens naturais; 4.872,28

153; 619; Vías públicas. Outras infraestruturas. Bens de uso xeral; 5.495,44

326; 22609; Sev. comp. á educación. Actividades culturais e deportivas; 3.000,00

459; 61904; Agader 2021-2022 Mellora de camiños municipais; 8.305,00

920; 22699; Admon. xeral. Outros gastos diversos; 3.120,00

943; 463; Trans. outras entidades locais. Mancomunidades; 12.640,00

Total; 37.432,72

Baixas en aplicacións de gastos

Programa; Económica; Descrición; Importe en euros

011; 911; Débeda pública. Amortización prestamos; 29.127,72

153; 619; Outros investimentos en reposición infraestruturas uso xeral; 8.305,00

Total; 34.432,72

Contra este acordo, en virtude do disposto no artigo 171 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os interesados poderán interpor directamente recurso contencioso-administrativo na forma e prazos establecidos nos artigos 25 a 42 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da esta xurisdición.

Sen prexuízo diso, a teor do establecido no artigo 113.3 da Lei 7/1985, a interposición deste recurso non suspenderá por si soa a efectividade do acto ou acordo impugnado.

Acuerdo del Pleno del Ayuntamiento del día 13.07.2021 por el que se aprueba el expediente de modificación de créditos nº 9/2021 del presupuesto en vigor, en la modalidad de transferencia de crédito entre aplicaciones de distintas áreas de gasto, que no afectan a altas y bajas de crédito de personal.

Una vez aprobado definitivamente el expediente de transferencia de créditos entre aplicaciones de gastos de distinta área de gasto que no afectan a bajas y altas de créditos de personal, se publica a los efectos del artículo 169.1, por remisión del 179.4, del Texto Refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo:

Altas en aplicaciones de gastos

Programa; Económica; Descripción; Importe de euros

153; 210; Vías públicas. Infraestructuras y bienes naturales; 4.872,28

153; 619; Vías públicas. Otras infraestructuras. Bienes uso general; 5.495,44

326; 22609; Sev. comp. a la educación. Actividades culturales y deportivas; 3.000,00

459; 61904; Agader 2021-2022 Mejora de caminos municipales; 8.305,00

920; 22699; Admón. general. Otros gastos diversos; 3.120,00

943; 463; Trans. otras entidades locales. Mancomunidades; 12.640,00

Total; 37.432,72

Bajas en aplicaciones de gastos

Programa; Económica; Descripción; Importe en euros

011; 911; Deuda pública. Amortización prestamos; 29.127,72

153; 619; Otras inversiones en reposición infraestructuras uso general; 8.305,00

Total; 34.432,72

Contra el presente acuerdo, en virtud de lo dispuesto en el artículo 171 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, los interesados podrán interponer directamente recurso contencioso-administrativo en la forma y plazos establecidos en los artículos 25 a 42 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de dicha jurisdicción.

Sin perjuicio de ello, a tenor de lo establecido en el artículo 113.3 de la Ley 7/1985, la interposición de dicho recurso no suspenderá por sí sola la efectividad del acto o acuerdo impugnado.

R. 2.344

Viana do Bolo

Logo de aprobar, por Resolución da Alcaldía núm. 2021-0396, do 12/08/2021, as bases e a convocatoria para crear unha bolsa de emprego, ábrese o prazo de presentación de solicitudes,

que será de dez días hábiles, que contarán desde o día seguinte ao de publicarse este anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

Viana do Bolo, 13 de agosto de 2021

O alcalde. Asdo.: Abelardo Carballo Alonso

Convocatoria e bases de selección para crear unha bolsa de nomeamentos interinos da categoría de administrativo/as de Administración xeral ao servizo do Concello de Viana do Bolo

Base primeira. Obxecto da convocatoria e xustificación

É obxecto destas bases regular o proceso selectivo e a convocatoria para crear unha bolsa de nomeamentos interinos de categoría de administrativo/a de Administración xeral (subgrupo C1) ao servizo do Concello de Viana do Bolo, coa finalidade de prover tanto vacantes como substitucións transitorias dos seus titulares ou outras necesidades temporais de prazas encadradas na Escala Administración xeral, subescala administrativa, grupo C, subgrupo C1.

Ao remate do proceso selectivo, aprobarase unha bolsa de aspirantes a persoal funcionario interino para o seu nomeamento cando queden acreditados no expediente os requisitos exixidos pola normativa aplicable -artigos 10.1 do EBEP e 23.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

O/a funcionario/a interino/a cesará, ademais de polas causas que determinan a perda da condición de persoal funcionario de carreira, cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o artigo 24.2 da Lei 2/2015, do emprego público de Galicia.

Base segunda. Requisitos das persoas aspirantes

a) Nacionalidade: ter a nacionalidade española. Ademais, e consonte o que estable a Lei 17/1993, do 23 de decembro, poderán acceder os nacionais dos demais estados membros da Unión Europea, así como os/as estranxeiros/as que reúnan a condición de cónxuxes de españois ou de nacionais doutros estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, e os seus descendentes e os do seu cónxuxe- sempre que non estean separados de dereito- menores de 21 anos ou maiores que vivan ás súas expensas. As mesmas regras aplicaranse, se for o caso, ás persoas incluídas no ámbito de aplicación dos tratados internacionais realizados pola Comunidade Europea e ratificados por España, nos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.

c) Titulación: estar en posesión do título de bacharelato ou técnico ou equivalente.

Cando se aleguen equivalencias de títulos, achegarase no seu día o certificado para o efecto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán posuír o documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

Así mesmo, estar en posesión do título que acredite o grao de perfeccionamento no idioma galego ou Celga 4. As persoas aspirantes que non dispoñan de tal título e superaron a proba práctica deberán facer un exercicio de dúas traducións, unha do galego ao castelán e outra do castelán ao galego, e cualificarase como apto ou non apto. O tribunal decidirá a nota mínima para ser declarado apto/a.

d) Capacidade funcional: non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica incompatible co desempeño das funcións correspondentes.

e) Habilitación: non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial para o acceso ao corpo ou escala de funcionario, ou para exercer función similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que fora separado ou inhabilitado. No suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado/a ou en situación equivalente nin ter sido sometido/a a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos, o acceso ao emprego público.

Base terceira. Lugar e presentación das solicitudes

1. As solicitudes para participar na convocatoria, na que as persoas aspirantes deberán manifestar que reúnen todas as condicións esixidas, referidas sempre á data de expiración do prazo sinalado para presentar as solicitudes dirixiránselle ao alcalde do Concello de Viana do Bolo. As modalidades de presentación son as seguintes:

a) De forma presencial, mediante a presentación en papel da solicitude e da documentación anexa no Rexistro Xeral de documentos do Concello ou en calquera dos lugares que establece o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro (norma que se estima vixente de acordo coa disposición derrogatoria única en relación coa disposición final 7.ª da Lei 39/2015, o 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas). Neste último caso, pídese que se envíe unha copia da solicitude ao correo electrónico concello.vianadobolo@eidolocal.es.

b) De forma telemática, a través do rexistro electrónico xeral da sede electrónica do Concello de Viana do Bolo, no enderezo https://vianadobolo.sedelectronica.gal.

2. O prazo será de 10 días hábiles, que contarán a partir do seguinte ao de publicarse esta convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

3. Coa solicitude (modelo normalizado Anexo II que se inclúe na convocatoria e que estará dispoñible na web corporativa www.vianadobolo.gal, xuntaranse os documentos acreditativos dos méritos aos que fai referencia a fase de concurso.

4. Xunto coa solicitude, os/as interesados/as deberán achegar a seguinte documentación:

- Unha fotocopia DNI, pasaporte ou documento de identificación, así como os datos de nacionalidade e residencia.

-Xustificante da titulación esixida (título de bacharelato ou técnico/a ou equivalente).

-Documentación acreditativa de estar en posesión do título que acredite o grao de perfeccionamento no idioma galego ou Celga 4.

Base cuarta. Listas provisionais e definitivas

Unha vez expirado o prazo de presentación das solicitudes, o alcalde do Concello de Viana do Bolo ditará unha resolución, no prazo máximo de cinco días naturais, para declarar aprobada a lista das persoas admitidas e excluídas. Na dita resolución, que se publicará no taboleiro de anuncios do Concello e na web https://www.vianadobolo.gal indicarase a causa da exclusión e concederase un prazo de dez días hábiles para emendar os erros; incluirase, ademais, a designación dos/as membros do tribunal de selección.

Unha vez resoltas as ditas reclamacións, convocarase -mediante un anuncio no taboleiro de anuncios do concello e na web https://www.vianadobolo.gal- a data de realización da proba práctica que se fixe e a de valoración dos méritos achegados, que terá carácter previo á realización da proba práctica.

Base quinta. Procedemento de selección

O procedemento de selección será o concurso-oposición.

A fase de concurso será previa á de oposición, non terá carácter eliminatorio e non poderá supoñer nunca máis do 40% do total da puntuación. A valoración dos méritos será obxecto de

publicación na web https://www.vianadobolo.gal no prazo máximo de cinco días hábiles desde a data da súa realización, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa do alcalde, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais.

Base sexta. Tribunais de selección

1. O tribunal de selección estará formado por seis membros. Integrarano un/unha presidente/a, catro vogais e un/unha secretario/a, que actuará con voz pero sen voto.

2. Os membros do tribunal deberán ter a condición de funcionario/a de carreira ou persoal laboral fixo de calquera Administración pública. A súa composición será estritamente técnica e deberán posuír unha titulación académica que acredite coñecementos nas materias que sexan obxecto da praza.

3. Na medida do posible, tenderase a respectar a paridade na súa composición, de conformidade co artigo 60 do Estatuto básico do empregado público.

Base sétima. Baremo de méritos

1. Con carácter previo á fase de oposición, o tribunal debe realizar a

valoración do concurso correspondente co seguinte baremo:

a) Polos servizos prestados na mesma ou análoga categoría profesional: 0,15 puntos

por mes ou fracción.

Entenderase por categoría profesional análoga aquela coa que a establecida nas bases garde unha relación de identidade esencial. O cómputo realizarase sumando o tempo total dos servizos prestados expresado en días e dividíndoo por trinta e aplicándolle ao cociente resultante o coeficiente de puntuación que corresponda segundo o baremo.

b) Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións que se van desenvolver:

-Por cursos de 20 a 59 horas: 0,5 puntos por curso.

-Por cursos de 60 a 99 horas: 0,75 puntos por curso.

-Por cursos de 100 ou máis horas: 1 punto por curso.

2. Os méritos deberán acreditarse a través dos seguintes medios:

-A antigüidade na Administración pública, mediante unha certificación expedida polo órgano competente da Administración pública de que se trate.

-Os servizos prestados no sector privado, mediante un certificado de vida laboral e contratos de traballo.

-Os cursos de formación, mediante un certificado expedido pola entidade promotora da acción formativa, onde consten a denominación do curso e o seu número de horas. A certificación deberá incluír, ademais, a circunstancia de ter superado a proba de avaliación establecida para obter o diploma ou certificación, de ser o caso.

Base oitava. Proba práctica

1. A proba práctica estará relacionada de xeito directo cos cometidos propios do posto de oficial de Administración ou similar, cuxas funcións, de acordo coa ficha descritiva do posto de traballo son, con carácter xeral, as seguintes:

a) Asumir a xestión, tramitación e seguimento administrativo dos expedientes e asuntos propios do servizo co alcance sinalado pola normativa de aplicación para o persoal pertencente á subescala administrativa de Administración xeral.

b) Colaborar na organización do respectivo servizo.

c) Redactar acordos ou resolucións de conformidade cos modelos que lle sexan facilitados.

d) Informar e atender o público.

e) Calquera outra, propia da súa capacitación profesional, e vinculada co eido competencial no que se integra.

Así como as relacionadas co temario establecido no Anexo III das presentes bases.

Será determinada polo tribunal de selección na mesma data da súa realización, no marco do que recollen estas bases. As actuacións desenvoltas na reunión na que se estableza o contido da proba que se realizará recolleranse na acta correspondente.

Unha vez corrixida a proba, publicarase na web https://www.vianadobolo.gal no prazo máximo de cinco días hábiles, agás que concorran causas excepcionais que o impidan, suposto no que, tras a autorización expresa previa do alcalde, poderá prorrogarse o dito prazo ata un máximo de dez días naturais. Nesta mesma publicación, incluirase a proposta de resolución formulada polo tribunal.

2. En caso de que o tribunal o considere necesario polas características do posto, poderá solicitar previamente a contratación e/ou asistencia dun/unha asesor/a técnico/a especializado/a para realizar a proba selectiva.

3. Valoraranse a formación e o grao de coñecementos amosados no desenvolvemento da proba. O tempo de desenvolvemento será dunha hora. A puntuación máxima que se lle pode outorgar á proba práctica será a que corresponda a un 60% da puntuación máxima do total do proceso selectivo, determinada unha vez se coñeza a puntuación obtida na fase de concurso. A puntuación necesaria para superar esta fase será a metade da máxima establecida.

Base novena. Proposta de nomeamento

1. Unha vez efectuadas as publicacións sinaladas, o tribunal comunicaralle a proposta á Alcaldía para que resolva o expediente de selección.

2. O/a aspirante proposto/a polo tribunal presentará, dentro do prazo de cinco días naturais, desde que se publica a proposta, os documentos acreditativos das condicións que para participar neste proceso selectivo se esixen na base requirida:

a) Certificado acreditativo de non padecer enfermidade nin defecto físico que impida o exercicio normal da función que se vai desempeñar.

b) Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentar co seu orixinal para validar) do título ou ben xustificante de ter cumpridos todos os requisitos para a expedición deste.

c) Declaración xurada ou promesa de non ser separado mediante procedemento disciplinario de ningunha Administración pública nin estar inhabilitado para o exercicio de funcións públicas.

3. As persoas que superasen a fase de oposición do proceso selectivo e non acadasen puntuación suficiente para a súa contratación ou nomeamento para o posto convocado, pasarán a integrar unha lista de reserva para posibles novos nomeamentos da categoría de administrativo/a de Administración xeral.

4. A lista de reservas funcionará do seguinte xeito:

-As persoas integrantes da lista de reserva non perderán a orde de prelación que lles corresponda en cada momento, de tal maneira que, se son nomeadas, unha vez rematada a cobertura, retornarán ao posto que lle correspondía na lista.

-O chamamento farase por vía telefónica. Co fin de garantir este procedemento, os/as interesados/as deberán comunicarlle ao concello calquera alteración dos seus datos de contacto. Como mínimo realizaranse dúas chamadas. O/a empregado/a público/a que realice o chamamento farao constar mediante unha dilixencia en que se indique a disposición ou non da persoa aspirante que cubrirá interinamente a praza que corresponda ou ben da imposibilidade de contactar con ela se se der o

caso, con independencia de que se intente a comunicación por outro medio. De non atender ao chamamento entenderase que o/a aspirante non ten disposición de cubrir interinamente a praza.

-De non aceptar o nomeamento, deberá manifestalo por escrito, e pasarase a chamar o/a seguinte aspirante da bolsa. Se se negase a manifestalo por escrito, bastará coa dilixencia do/a funcionario/a que realizase a chamada telefónica.

-O/a aspirante que rexeite o nomeamento pasará a ocupar o último lugar da lista de aspirantes, salvo que poida acreditar causa xustificada, en cuxo caso retornará ao posto que lle corresponda na bolsa creada. A segunda que vez que o rexeite sen causa xustificada será excluído/a desta lista de reserva mediante unha resolución da Alcaldía. Considéranse como causas xustificadas, as seguintes:

a) Enfermidade acreditada por baixa médica por ILT ou informe médico.

b) Embarazo de risco.

c) Atoparse en período de permiso de maternidade ou paternidade.

d) Ter unha relación laboral ou funcionarial vixente.

e) Coidado dun familiar que se encontre a cargo dun integrante da lista, ata o segundo grao, incluído, de consanguinidade ou afinidade que por razóns de idade, accidente, enfermidade ou discapacidade non poida valerse por si mesmo e non desempeñe actividade retribuída.

-En calquera momento, os/as aspirantes poderán pedir a súa exclusión da bolsa/lista de reserva.

-O funcionamento efectivo da bolsa de reserva estará supeditado á normativa vixente en cada momento.

5. Esta bolsa de nomeamentos interinos terá unha vixencia máxima de tres anos.

Base décima. Nomeamento

1. Unha vez emitido o informe do tribunal, o alcalde do Concello de Viana do Bolo resolverá, conforme a proposta do tribunal, agás que, de xeito motivado, considere que a dita proposta infrinxe as bases reguladoras ou a normativa vixente. Neste caso, o alcalde do Concello de Viana do Bolo requirirá do tribunal a formulación dunha nova proposta na que se emenden as deficiencias advertidas. O tribunal, motivándoo suficientemente, poderá manter a súa proposta orixinal, que vinculará o alcalde do Concello de Viana do Bolo, sen prexuízo da potestade dos órganos da Administración local de acordar a lesividade ou a revisión de oficio da resolución de que se trate, cando se crea procedente conforme a lexislación vixente.

2. Ás persoas propostas para os postos realizaráselles un nomeamento como funcionarias interinas coa categoría de administrativas. Deberán tomar posesión no prazo de cinco días naturais desde a data da notificación do nomeamento.

Base undécima. Recursos

Contra a resolución que aproba estas bases, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante esta alcaldía, no prazo dun mes, que contará desde o día seguinte ao de publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Ourense ou poderase impugnar directamente ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ourense, no prazo de dous meses, que contarán desde a mesma data. Non poderán simultanearse ambos os recursos.

Sen prexuízo do anterior, os/as interesados/as poderán interpor calquera outro recurso ou reclamación que consideren oportunos.

Solicitude para participar no proceso selectivo para crear unha bolsa de nomeamentos de persoal funcionario interino da categoría de administrativo/as de Administración xeral, ao servizo do Concello de Viana do Bolo

Anexo I

1. Datos da persoa solicitante:

Apelidos: _____

Nome: _____ DNI/NIE: _____

Enderezo: _____

Poboación: _____ Provincia: _____

Teléfono móbil: _____ Teléfono: _____

Correo electrónico: _____

II.Solicito a miña inclusión para participar no proceso selectivo para crear unha bolsa de nomeamentos de persoal funcionario interino da categoría de administrativo/a de administración xeral do Concello de Viana do Bolo.

III.Documentación que achega:
-Titulación
-Celga 4
-Méritos alegados

_____, ____ de _____ de 20__

Sinatura

Anexo relativo ao réxime de protección dos datos persoais achegados coa solicitude: os datos persoais achegados coa presente solicitude incorporaranse ás actividades correspondentes de tratamento do Concello de Viana do Bolo e serán tratados coa/s finalidade/s específica/s de cada tratamento, de conformidade coa regulación que establecen o Regulamento xeral de protección de datos (Regulamento UE 2016/679 do Parlamento e do Consello) e a Lei orgánica 3/2018, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. A lexitimación do tratamento baséase no cumprimento dunha obriga legal e/ou no cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no exercicio de poderes públicos conferidos a este responsable, para levar a cabo as súas funcións de selección e xestión do persoal e/ou calquera outras inherentes á relación laboral/funcionarial. O prazo de conservación dos datos será o establecido legalmente. Os seus datos persoais unicamente serán obxecto de cesión, no seu caso, tras o consentimento previo, ou de acordo co que recolle a dita lexislación. Poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisión individuais automatizadas, diante do responsable do tratamento, que é o Concello de Viana do Bolo, ou ante o seu delegado de protección de datos, no correo electrónico dpo@legalforma.com. En todo caso, as persoas interesadas poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Alcalde do Concello de Viana do Bolo

Relatorio de méritos
Anexo II

Apelidos e nome: _____

DNI/NIE: _____ Teléfono móbil: _____

Para os efectos do baremo aplicable, acredita os méritos que a seguir se especifican e achega documentación xustificativa deles.

1. Polos servizos prestados na mesma categoría ou análoga categoría profesional:

Anos	Meses	Días

2. Por cada curso realizado, impartido por administracións públicas, universidades, INEM, formación continua no marco do acordo de formación continua para as administracións públicas ou formación ocupacional, relacionado coas funcións que se van desenvolver:

Denominación	Organismo emisor	Ano	Horas

_____, ____ de _____ de 20 ___

Sinatura

Alcalde do Concello de Viana do Bolo

Anexo III

Tema 1. A actividade administrativa: a clasificación tradicional das formas de acción administrativa. Os interesados no procedemento: capacidade de obrar. Identificación e firma dos interesados no procedemento. A actividade das administracións públicas: Normas xerais de actuación. Termos e prazos.

Tema 2. Os actos administrativos: requisitos e eficacia. Nulidade e anulabilidade. concepto e especialidades. Fases e principais trámites. Iniciación, ordenación, instrución e terminación.

Tema 3. A obriga de resolver. A falta de resolución expresa: o réxime do silencio administrativo. Termos e prazos.

Tema 4. Tramitación simplificada do procedemento administrativo.

Tema 5. Execución dos actos e resolucións administrativas. Revisión dos actos en vía administrativa. Os recursos administrativos: concepto e clases. Requisitos xerais. Materia recorrible lexitimación e órgano competente.

Tema 6. Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo Goberno: dereito de acceso á información pública.

Tema 7. Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais. Protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Tema 8. Novidades da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común no procedemento administrativo.

Tema 9. O réxime xurídico do sector público. A Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Disposicións xerais. Principios de actuación da Administración pública. Funcionamento dos órganos colexiados. Convocatoria e orde do día. Actas e certificado de acordos.

Tema 10. Relacións interadministrativas. Principios xerais. Deber de cooperación. Técnicas de cooperación. Relacións electrónicas entre as administracións.

Tema11. As eleccións locais. A Administración e o procedemento electoral. Proclamación de membros electos das corporacións locais. Réxime de recursos. Perda da condición de membro da corporación.

Tema 12. Os contratos do sector público. Normativa vixente. Obxecto e ámbito de aplicación. Clases de contratos.

Tema 13. As subvencións públicas: réxime xurídico e procedemento de tramitación.

Tema 14. O Estatuto básico do empregado público e a Lei do emprego público de Galicia. Clases de persoal ao servizo das administracións públicas. Ordenación da actividade profesional: planificación de recursos humanos e estruturación do emprego público.

Tema 15. A lei en materia de igualdade aplicable ás entidades locais: Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes e Lei 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade.

Tema 16. Redacción de textos administrativos.

Tema 17. Manexo e coñecemento de programas informáticos básicos (paquete Office) e similares para o procesamento de textos, follas de cálculo e todas aquelas aplicacións que sistematicen e melloren as presentacións e informes.

Tema 18. Selección dos empregados públicos.

Tema 19. A carreira administrativa. Provisión de postos de traballo e promoción profesional. Situacións administrativas.
Tema 20. O patrimonio das entidades locais. Clases de bens. Conservación e tutela dos bens. As potestades de investigación, deslinde e recuperación de oficio. Uso dos bens de dominio público local.
Tema 21. O servizo público local. Os servizos mínimos obrigatorios. Competencias da Deputación Provincial en relación cos servizos municipais.
Tema 22. Os modos de xestión dos servizos públicos. Xestión directa e indirecta.
Tema 23. Orzamentos das entidades locais: principios, integración e documentos de que constan. Proceso de aprobación de orzamento local. Execución e liquidación do orzamento.
